

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se modifica a Resolución do 13 de decembro de 2019 pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área.*

O Decreto 161/2018, do 5 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 239, do 17 de decembro), e o Decreto 30/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 62, do 29 de marzo), autorizaron a convocatoria dun total de catrocentas dezaseis (416) prazas correspondentes a trinta e nove (39) especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área.

Pola Resolución do 13 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 246, do 27 de decembro), convocouse concurso oposición para o ingreso en tales especialidades.

O Decreto 220/2020, do 3 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2020 (DOG núm. 254, do 18 de decembro, corrección de erros no DOG núm. 255, do 21 de decembro) autoriza a convocatoria de catrocentas setenta e seis (476) novas prazas correspondentes ás especialidades convocadas pola Resolución do 13 de decembro de 2019.

En consecuencia, non tendo sido publicada a relación de aspirantes admitidos/as nas citadas probas, razóns organizativas, asistenciais e de eficiencia na xestión dos procesos de selección fan oportuna a tramitación dun único proceso ampliando o número de prazas convocadas coas resultantes da aprobación do Decreto de oferta de emprego público para o ano 2020.

En virtude do exposto, este centro directivo, logo do seu tratamento na Mesa Sectorial de Negociación e no uso das competencias que lle atribúe o artigo 18.1.c) do Decre-



to 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (*Diario Oficial de Galicia* núm. 208, do 31 de outubro),

RESOLVE:

Primeiro. Modificar o anexo I da Resolución do 13 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área (*Diario Oficial de Galicia* núm. 246, do 27 de decembro).

O número de prazas que se convoca neste proceso selectivo é o que se indica no anexo desta resolución, con expresión diferenciada das prazas polo seu sistema de acceso.

Segundo. Reabrir o prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para a presentación de solicitudes de participación neste proceso.

As persoas aspirantes que tiveran presentado a solicitude de participación neste proceso no prazo de inscrición comprendido entre o 28 de decembro de 2019 e o 31 de xaneiro de 2020 non terán que presentar nova instancia de participación nin achegar ningunha documentación.

Aquelas persoas aspirantes que tiveran presentado a solicitude de participación neste proceso no prazo de inscrición comprendido entre o 28 de decembro de 2019 e o 31 de xaneiro de 2020 e desexen modificar a quenda de acceso poderán efectualo mediante a formalización a través de Fides/expedient-e dunha nova solicitude de participación, que deixará sen efecto a inicialmente presentada e na cal se detallará a nova quenda solicitada.

Esta solicitude, logo de confirmada electronicamente, deberá ser presentada dentro do prazo de presentación de solicitudes, por rexistro electrónico, de forma presencial no Rexistro Xeral dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acompañada da documentación exixida, segundo o suposto na base 2.5 da resolución de convocatoria do proceso.

Terceiro. As bases, programas das probas selectivas, exercicios, baremos, procedemento e prazo de acreditación de méritos para este proceso serán os aprobados pola



Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 13 de decembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 246, do 27 de decembro).

Os requisitos de participación no proceso deberán reunirse dentro do prazo de presentación de solicitudes e no momento da toma de posesión como persoal estatutario fixo.

Os méritos que se terán en conta na fase de concurso serán os recollidos no anexo IV da resolución de convocatoria e valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, é dicir, o 26 de decembro de 2019.

Cuarto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2020

Ana M<sup>a</sup> Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos

### ANEXO I Prazas e titulación

| Especialidade                  | Grupo | Subgrupo | Acceso libre | Promoción interna | Reserva discapacidade | Total | Titulación  |
|--------------------------------|-------|----------|--------------|-------------------|-----------------------|-------|---|
| Alergoloxía                    | A     | A1       | 4            | 1                 |                       | 5     | Título oficial da especialidade de Alergoloxía.                             |
| Análises Clínicas              | A     | A1       | 16           | 6                 | 2                     | 24    | Título oficial da especialidade de Análises Clínicas ou Bioquímica Clínica. |
| Anatomía Patolóxica            | A     | A1       | 10           | 4                 | 1                     | 15    | Título oficial da especialidade de Anatomía Patolóxica.                     |
| Anestesioloxía e Reanimación   | A     | A1       | 50           | 19                | 5                     | 74    | Título oficial da especialidade de Anestesioloxía e Reanimación.            |
| Anxioloxía e Cirurxía Vasculax | A     | A1       | 6            | 2                 |                       | 8     | Título oficial da especialidade de Anxioloxía e Cirurxía Vasculax.          |
| Aparello Dixestivo             | A     | A1       | 23           | 9                 | 2                     | 34    | Título oficial da especialidade de Aparello Dixestivo.                      |



| Especialidade                                | Grupo | Subgrupo | Acceso libre | Promoción interna | Reserva discapacidade | Total | Titulación   |
|--|-------|----------|--------------|-------------------|-----------------------|-------|--|
| Cardioloxía                                  | A     | A1       | 23           | 8                 | 2                     | 33    | Título oficial da especialidade de Cardioloxía.                                  |
| Cirurxía Cardiovascular                      | A     | A1       | 2            | 1                 |                       | 3     | Título oficial da especialidade de Cirurxía Cardiovascular.                      |
| Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía          | A     | A1       | 37           | 13                | 3                     | 53    | Título oficial da especialidade de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía.          |
| Cirurxía Torácica                            | A     | A1       | 3            | 1                 |                       | 4     | Título oficial da especialidade de Cirurxía Torácica.                            |
| Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo       | A     | A1       | 31           | 12                | 3                     | 46    | Título oficial da especialidade de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo.       |
| Dermatoloxía Médico Cirúrxica e Venereoloxía | A     | A1       | 9            | 3                 | 1                     | 13    | Título oficial da especialidade de Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía. |
| Endocrinoloxía e Nutrición                   | A     | A1       | 6            | 3                 | 1                     | 10    | Título oficial da especialidade de Endocrinoloxía e Nutrición.                   |
| Farmacía Hospitalaria                        | A     | A1       | 15           | 6                 | 2                     | 23    | Título oficial da especialidade de Farmacia Hospitalaria.                        |
| Hematoloxía e Hemoterapia                    | A     | A1       | 17           | 6                 | 2                     | 25    | Título oficial da especialidade de Hematoloxía e Hemoterapia.                    |
| Medicina Física e Rehabilitación             | A     | A1       | 17           | 6                 | 2                     | 25    | Título oficial da especialidade de Medicina Física e Rehabilitación.             |
| Medicina Intensiva                           | A     | A1       | 15           | 6                 | 2                     | 23    | Título oficial da especialidade de Medicina Intensiva.                           |
| Medicina Interna                             | A     | A1       | 32           | 12                | 3                     | 47    | Título oficial da especialidade de Medicina Interna.                             |
| Medicina Nuclear                             | A     | A1       | 3            | 1                 |                       | 4     | Título oficial da especialidade de Medicina Nuclear.                             |
| Medicina Preventiva e Saúde Pública          | A     | A1       | 4            | 1                 |                       | 5     | Título oficial da especialidade de Medicina Preventiva e Saúde Pública.          |
| Medicina do Traballo                         | A     | A1       | 2            | 1                 |                       | 3     | Título oficial da especialidade de Medicina do Traballo.                         |
| Microbioloxía e Parasitoloxía                | A     | A1       | 6            | 3                 | 1                     | 10    | Título oficial da especialidade de Microbioloxía e Parasitoloxía.                |
| Nefroloxía                                   | A     | A1       | 14           | 5                 | 1                     | 20    | Título oficial da especialidade de Nefroloxía.                                   |
| Neurocirurxía                                | A     | A1       | 7            | 2                 |                       | 9     | Título oficial da especialidade de Neurocirurxía.                                |
| Neurofisioloxía Clínica                      | A     | A1       | 5            | 2                 |                       | 7     | Título oficial da especialidade de Neurofisioloxía Clínica.                      |



| Especialidade                         | Grupo | Subgrupo | Acceso libre | Promoción interna | Reserva discapacidade | Total | Titulación  |
|---------------------------------------|-------|----------|--------------|-------------------|-----------------------|-------|---|
| Neuroloxía                            | A     | A1       | 13           | 5                 | 1                     | 19    | Título oficial da especialidade de Neuroloxía.                            |
| Obstetricia e Xinecoloxía             | A     | A1       | 50           | 18                | 5                     | 73    | Título oficial da especialidade de Obstetricia e Xinecoloxía.             |
| Oftalmoloxía                          | A     | A1       | 28           | 10                | 2                     | 40    | Título oficial da especialidade de Oftalmoloxía.                          |
| Oncoloxía Médica                      | A     | A1       | 12           | 4                 | 1                     | 17    | Título oficial da especialidade de Oncoloxía Médica.                      |
| Otorrinolaringoloxía                  | A     | A1       | 15           | 6                 | 2                     | 23    | Título oficial da especialidade de Otorrinolaringoloxía.                  |
| Pediatría e as súas áreas específicas | A     | A1       | 30           | 11                | 3                     | 44    | Título oficial da especialidade de Pediatría e as súas áreas específicas. |
| Pneumoloxía                           | A     | A1       | 14           | 6                 | 2                     | 22    | Título oficial da especialidade de Pneumoloxía.                           |
| Psicoloxía Clínica                    | A     | A1       | 8            | 3                 | 1                     | 12    | Título oficial da especialidade de Psicoloxía Clínica.                    |
| Psiquiatría                           | A     | A1       | 17           | 6                 | 2                     | 25    | Título oficial da especialidade de Psiquiatría.                           |
| Radiodiagnóstico                      | A     | A1       | 36           | 13                | 3                     | 52    | Título oficial da especialidade de Radiodiagnóstico.                      |
| Radiofísica Hospitalaria              | A     | A1       | 4            | 1                 |                       | 5     | Título oficial da especialidade de Radiofísica Hospitalaria.              |
| Reumatoloxía                          | A     | A1       | 7            | 2                 |                       | 9     | Título oficial da especialidade de Reumatoloxía.                          |
| Uroloxía                              | A     | A1       | 15           | 6                 | 2                     | 23    | Título oficial da especialidade de Uroloxía.                              |
| Xeriatría                             | A     | A1       | 4            | 1                 |                       | 5     | Título oficial da especialidade de Xeriatría.                             |

